

nuel, victoria, teresa, encarna,  
men, helena, xurxo, pedro, oscar,  
rio, miguel, javier, martín, irene,  
olo, eva, nacho, roque, xan, alberto,  
nando, ana, merce, antonio, begoña,  
én, alba, carlos, camilo, chus, iria,  
vid, xema, raquel, susi, fran, diana,  
as, xermán, diego, elsa, ernesto,  
ena, gerardo, isabel, laura, lourdes,  
olfo, luz, sandra, enrique, edelia...

**LEI GALEGA DE ACCIÓN VOLUNTARIA**  
**UNHA NOVA VISIÓN DO VOLUNTARIADO EN GALIZA**

pilar, manuel, victoria, teresa,  
encarna, carmen, helena, xurxo,  
pedro, oscar, mario, miguel, javier,  
martín, irene, pablo, eva, nacho,  
roque, xan, alberto, fernando, ana,  
merce, antonio, begoña, belén, alba,  
carlos, camilo, chus, iria, david,  
xema, raquel, susi, fran, diana, elias,  
xermán, diego, elsa, ernesto, lorena,  
gerardo, isabel, laura, lourdes,  
adolfo, luz, sandra, enrique, edelia...

# LEI GALEGA DE **ACCIÓN VOLUNTARIA** UNHA NOVA VISIÓN DO **VOLUNTARIADO** EN GALIZA



**XUNTA DE GALICIA**  
VICEPRESIDENCIA DA  
IGUALDADE E DO BENESTAR  
Secretaría Xeral do Benestar  
Dirección Xeral de Xuventude e  
Solidariedade



2016-2018  
**PLAN GALEGO DO  
VOLUNTARIADO**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española contén unha regulación específica dos dereitos fundamentais e destaca a importante relevancia dos dereitos sociais. Así mesmo incorpora os principios contidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos das Nacións Unidas de 1948, onde os dereitos económicos e sociais se colocan na mesma orde de importancia que os dereitos civís e políticos.

O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 indica o seguinte:


*Correspóndelles ós poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remove-los atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilita-la participación de tódolos galegos na vida política, económica, cultural e social.*

Sobre a base das premisas constitucionais e ao amparo das competencias asumidas no Estatuto de Autonomía, o Parlamento de Galicia manifestou a súa vontade de establecer unha regulación legal propia en materia de acción voluntaria mediante a aprobación da Lei 3/2000, de 22 de decembro, de Voluntariado de Galicia, (modificada posteriormente pola Lei 3/2002, de 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo) que ten por obxecto regular a actividade de acción voluntaria social no ámbito propio da Comunidade Autónoma Galega.

A propia dinámica de evolución social e a relevancia e protagonismo tan destacado da acción voluntaria ante problemas sociais obriga, non obstante, a unha actualización e a un redeseño estratéxico das políticas públicas de acción voluntaria, cuxa eficacia vai depender da súa coherencia e adecuación á cambiante realidade social.

En efecto, o proceso de cambio veu propiciado por factores tales como o incremento do número de entidades e unha importante progresión do número de persoas voluntarias, o papel determinante da acción voluntaria en certos acontecementos cruciais na vida do país e na evolución da súa conciencia social, o aumento do tempo de lecer entre a poboación e da confianza da sociedade na participación en actividades de acción voluntaria.

Nos últimos tempos en Galicia viviuse unha etapa de auxe da iniciativa social, en especial da acción voluntaria, que tivo a súa tradución nun notable incremento do número de persoas implicadas nas súas actividades, na ampliación dos seus ámbitos de actuación e nun afondamento dos principios




que os inspiran superando o voluntarismo das accións individuais, illadas ou esporádicas e as limitacións que o reducían ao simple asistencialismo desde unha perspectiva de exclusiva caridade.

A puxanza do movemento de acción voluntaria, entregando desinteresadamente o seu esforzo a favor dunha causa social, precisa do establecemento de novos instrumentos normativos e de actuacións dirixidas ao fomento da solidariedade e ao desenvolvemento da participación social cidadá que reflectan a vitalidade social da acción voluntaria. Non cabe dúbida ningunha de que un elemento chave para valorar a calidade democrática dunha sociedade é o seu grao de vertebración social, entendendo por esta a súa capacidade de resposta individual e colectiva a través da autoorganización por medio de entidades e entre as que, por suposto, se atopan as entidades de acción voluntaria. En moitos casos o grao de vertebración social e de autoorganización é un reflexo de madurez e da calidade democrática dunha sociedade, entendendo que dentro desa vertebración se atopan tamén as entidades de acción voluntaria.

Galicia é un país con tradición histórica de mobilización cívica ante problemas comúns, unha sociedade en que a acción voluntaria organizada vén xogando un rol moi importante, tanto na nosa vida cotiá como ante situacións de emerxencia nacional. Durante moitos anos milleiros de mulleres e homes expresaron o seu compromiso a través do seu traballo desinteresado nas diferentes entidades que desenvolven a súa actividade apoiándose na colaboración de voluntarias e voluntarios.

Cómpre, pois, arbitrar ferramentas que faciliten a coordinación da acción voluntaria no noso país, dinamizando a iniciativa das entidades de acción voluntaria, dotándoas de recursos económicos, humanos e tecnolóxicos.

A acción voluntaria é unha manifestación social de gran dinamismo e con gran capacidade de captación e adaptación ás novas necesidades que se formulan. É preciso promover e coordinar a acción voluntaria desde postulados flexibles que permitan as regras básicas para o desenvolvemento da súa acción. Esta lei pretende ser a concreción práctica da vontade da Administración Galega coa promoción da acción voluntaria entre as galegas e os galegos como un elemento máis do dereito inalienable dos cidadáns e das cidadás deste país a participaren de xeito activo na construción da sociedade en que viven.




A necesidade de reforma legal resulta, se cadra, de maior importancia nas situacións de emerxencia, onde se deberán establecer, de xeito pormenorizado, os posibles ámbitos de actuación nestes casos así como a precisa coordinación destas iniciativas entre a Xunta de Galicia, as entidades locais, as entidades de acción voluntaria e as restantes entidades colaboradoras, co fin de minimizar os efectos negativos producidos por estas. Nese sentido, a crise do Prestige marca un antes e un despois na xestión da acción voluntaria en situacións de emerxencias nacionais e desta crise deben extraerse as leccións precisas para non incorrer e repetir anteriores erros.

Sen prexuízo do anterior, esta lei configura a acción voluntaria fundamentalmente como a expresión dunha participación social recorrente e continúa mediante a incorporación permanente das persoas voluntarias en entidades de acción voluntaria, entendendo a acción voluntaria nacida da concienciación e do ánimo transformador das persoas como membros dunha sociedade.

Cómpre sinalar, non obstante, que, en todo caso, a acción voluntaria en ningún modo poderá eximir á Administración das responsabilidades e das obrigas que lle corresponden e, así mesmo, que a acción voluntaria non poderá, en ningún caso, substituír o traballo remunerado ou a prestación de servizos profesionais retribuídos. A acción voluntaria non pode, e non debe suplir, substituír ou cubrir as deficiencias dos servizos públicos. O papel da acción voluntaria, no que ás Administracións públicas galegas afecta, debe ser, a contribución en clave de innovación e en colaboración con outros axentes sociais, ao deseño, ao desenvolvemento e á execución de políticas públicas tendentes a garantir o cambio social, tendo como horizonte a construción dun país e dun planeta máis xustos e igualitarios.

A necesidade de reforma legal xa foi sentida no momento da elaboración do Plan Galego do Voluntario 2006-2010 en que se detallan un total de dez obxectivos, entre os que se encontra o de *“Elaborar novos elementos normativos, máis acordes co actual contexto e con maior capacidade de dar respostas ao sector e ao conxunto da sociedade: Lei de voluntariado de Galicia, protocolo de situacións de emerxencias, etc...”*.

A evolución do denominado Terceiro Sector en Galicia nos últimos anos require un cambio normativo favorable para todos os axentes que interveñen neste, en especial que considere a situación actual das entidades de acción voluntaria e das voluntarias e voluntarios que as integran.



Resulta oportuna, pois, esta posta ao día da regulación legal da acción voluntaria non só por razóns de orde técnica, xurídica ou organizativa (que por si mesmas xustificarian a reforma), senón tamén por outras consideracións de orde social coa finalidade de testemuñar ante a sociedade galega a vixencia e a puxanza do movemento de acción voluntaria organizada como un instrumento fundamental da participación directa e activa da sociedade, polo que a Lei parte do recoñecemento de que o carácter autónomo e dinámico do movemento voluntario constitúe un valor que hai que protexer e fomentar. Do mesmo xeito serve para testemuñar o compromiso dos poderes públicos de Galicia de renovar e consolidar o seu estatuto xurídico ao establecer un sistema baseado nas entidades de acción voluntaria e optar por un novo modelo de intervención baseado en principios tales como os da solidariedade, liberdade e participación dos axentes vinculados á acción voluntaria, considerando tamén de maneira importante a heteroxeneidade, a diversidade e a pluralidade do tecido asociativo. Marcar as normas de interrelación entre as propias persoas voluntarias e destas coas entidades onde desenvolven as súas actividades, ou entre estas e as administracións públicas, contribúe a fortalecer o exercicio mesmo da liberdade das partes e evitar abusos.

Este novo modelo de intervención debe acadar uns obxectivos que primen a calidade da acción voluntaria mediante a incorporación de sistemas de calidade que redunden nunha mellora na prestación dos servizos e o establecemento dunha política de transparencia nas relacións entre as administracións públicas e a sociedade civil organizada.

A regulación pretendida a través da presente lei é a resposta concreta ás necesidades deste sector atendendo á realidade propia de Galicia, reforzando un marco normativo propio que terá como obxectivo último o de mellorar a cantidade e a calidade da acción voluntaria neste país.

## II

Na elaboración da presente lei seguiuse unha metodoloxía participativa toda vez que é o froito dun proceso de debate e participación pública, que se inicia cun documento previo de bases para a reforma –elaborado por un equipo multidisciplinar–, que foi obxecto de exame e discusión en diferentes foros de expertos contrastado coas entidades en encontros a nivel provincial, así como no Congreso Galego de Voluntariado organizado para tal fin e en que, de forma monográfica, se trataron os contidos dunha futura lei de acción voluntaria. Así mesmo, constituíronse mesas de traballo formadas por persoas representantes dalgúns dos colectivos e entidades públicas e privadas máis representativos relacionados coa acción voluntaria para abordar diferentes cuestións que reclamaban un estudo máis particularizado.

As conclusións obtidas como consecuencia deste proceso participativo serviron para enriquecer o contido da Lei en que se ven reflectidas un bo número de contribucións, o que dota o texto legal dunha maior lexitimidade ao facer coincidir o contido da norma coas aspiracións da sociedade galega.

### III

Polo que respecta á estrutura da Lei, o título I contén as disposicións de carácter xeral, establece o seu obxecto e ámbito de aplicación, así como o concepto e os fins da acción voluntaria e se enumeran e relacionan as actividades de interese xeral e os principios básicos.


A acción voluntaria constitúe a expresión do compromiso solidario das persoas voluntarias e das entidades de acción voluntaria a favor da sociedade no seu conxunto, ou de persoas ou grupos, mediante a participación directa e activa en actividades de interese xeral que redunden en beneficio da Comunidade e sirvan á defensa dos dereitos, á satisfacción das necesidades ou á mellora das condicións de vida dos seus membros.

Este título incorpora como principal novidade o concepto de “acción voluntaria” fronte ao de voluntariado, concepto mais amplo que trata de abarcar a toda actividade solidaria sexa cal sexa o seu ámbito de actuación. Así mesmo recolle expresamente que a acción voluntaria non poderá , en ningún caso, substituír ao traballo remunerado ou eximir á Administración pública autonómica da prestación das súas obrigas. En canto ao tipo de actividades apóstase pola calidade e a formación.

O título II regula as persoas participantes da acción voluntaria, establece o seu estatuto xurídico, relacionando os seus dereitos e deberes.

Pola súa banda, o título III contén disposicións reguladoras das entidades de acción voluntaria, incorpora un estatuto de dereitos e obrigas, e realiza a previsión das consecuencias en caso de incumprimento de fins e obrigas.

O título IV atinxe ás relacións entre as persoas voluntarias e as entidades de acción voluntaria, regula o compromiso de colaboración, a acreditación identificativa, os supostos de perda da condición de persoa voluntaria, así como a responsabilidade extracontractual das entidades fronte a terceiros e a resolución de conflitos.



O título V fai referencia ás persoas destinatarias da acción voluntaria, recolle o concepto destas, o seu estatuto e as relacións das persoas destinatarias da acción voluntaria coas entidades e as persoas voluntarias.

Este título supón unha das principais novidades respecto á lei vixente na que non se regulaba o estatuto das persoas destinatarias da acción voluntaria, e só recollía os dereitos e deberes das persoas voluntarias e das entidades de acción voluntaria.

O título VI refírese á distribución de competencias e aos mecanismos de coordinación interadministrativa e interdepartamental, así como ao seguimento, supervisión e avaliación das actuacións. Créase a figura do Consello interdepartamental de Acción Voluntaria.

Por outra parte, o título VII regula os instrumentos de planificación e de ordenación da acción voluntaria, os cales supoñen unha innovación respecto a actual Lei de voluntariado. Entre os primeiros encóntranse o Plan galego de acción voluntaria, a planificación sectorial e os programas e proxectos e, no que se refire aos instrumentos de ordenación, a lei regula o Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria.

O título VIII, relativo á participación das entidades e persoas voluntarias, regula os órganos de consulta e participación entre os que se encontran o Consello Galego de Acción Voluntaria, o Observatorio Galego de Acción Voluntaria no que se engloba o Foro de acción voluntaria e a Rede galega. En canto ao primeiro, se ben xa figura na actual lei, non obstante cambia a súa composición, a cal trata de ser paritaria ao preverse a existencia dun terzo de representantes da administración, das entidades de acción voluntaria e doutros axentes sociais respectivamente. Polo que respecta aos restantes órganos de participación, a súa creación supón unha novidade importante da norma.

O título IX prevé a figura das persoas xestoras da acción voluntaria e a creación da Escola Galega de Acción Voluntaria. Este título é totalmente innovador ao contemplar a regulación de dúas figuras que non estaban previstas na normativa anterior.

Por último, o título X recolle as actividades conducentes ao fomento da acción voluntaria, así coma o seu financiamento e o título XI regula a acción voluntaria en situacións de emerxencia. A presente Lei foi sometida ao ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

## TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

### Artigo 1. Obxecto da Lei

1. A presente lei ten por obxecto a ordenación e o fomento da participación solidaria e altruísta da sociedade galega nas actividades de acción voluntaria organizadas por entidades de acción voluntaria, ou ben directamente pola Administración Galega para o desenvolvemento de programas concretos.
2. Así mesmo, ten por obxecto regular as relacións que, con respecto ás devanditas actividades, se puideren establecer entre as persoas voluntarias, as entidades de acción voluntaria, e as persoas destinatarias da acción voluntaria e as administracións públicas de Galicia.

### Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. A presente lei será de aplicación a toda actividade de acción voluntaria que se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia, independentemente do lugar onde a entidade teña o seu domicilio social.
2. Tamén será de aplicación ás actuacións de acción voluntaria realizadas por administracións públicas que desenvolvan programas de interese xeral no ámbito das súas competencias.

### Artigo 3. Concepto de acción voluntaria

1. Aos efectos da presente lei, enténdese por acción voluntaria a participación social organizada de persoas físicas no desenvolvemento de actividades de interese xeral a través das entidades de acción voluntaria, sempre que reúnan as seguintes condicións:
  - a. Que se trate dunha decisión libremente adoptada e non traia causa dunha obriga ou dun deber xurídico.
  - b. Que se execute fóra do ámbito dunha relación laboral, profesional, funcionarial, mercantil ou de calquera outro tipo de relación retribuída, sen prexuízo, no seu caso, dos incentivos que corresponda, que en ningún caso terán carácter económico, e do reembolso dos gastos que esta acción poida ocasionar.
  - c. Que se leve a efecto en función de programas concretos, xa sexan estes promovidos por calquera das entidades de acción voluntaria ou polas administracións públicas de Galicia.

2. Non terán a consideración de acción voluntaria:

- a. As actividades que sexan realizadas de forma espontánea.
- b. As consideradas como prácticas, aprendizaxes ou experiencia profesional.
- c. As que sexan prestadas á marxe das entidades de acción voluntaria, de xeito illado ou esporádico.
- d. As promovidas por calquera entidade para a consecución de beneficio económico ou intereses propios.
- e. As desenvolvidas como consecuencia dunha relación laboral, mercantil, funcionarial de calquera tipo, así como as que constitúan exercicio de funcións directivas ou xerenciais nas entidades de acción voluntaria, salvo cando as persoas que as levaren a cabo conserven a condición de persoas voluntarias e as desenvolvan en tal concepto sen percibir remuneración ou contraprestación por iso.

3. A acción voluntaria non poderá, en ningún caso, substituír as prestacións a que estean obrigadas as administracións públicas ou outras entidades, o traballo remunerado ou a prestación de servizos profesionais retribuídos.

#### **Artigo 4. Principios básicos**

A acción voluntaria en Galicia fundamentarase nos seguintes principios básicos:

- a. A participación como principio democrático de intervención directa e activa das cidadás e dos cidadáns nas responsabilidades comúns, promovendo o desenvolvemento dun tecido asociativo propio, desde o pleno recoñecemento da súa autonomía funcional e pluralismo, así como a cooperación e coordinación coas persoas profesionais do sector.
- b. A complementariedade e nunca a substitución con respecto do traballo profesional e obrigas da Administración.
- c. A solidariedade entre as persoas e os pobos.
- d. A liberdade como principio fundamental da expresión dunha opción persoal tanto das voluntarias e voluntarios como das persoas destinatarias da súa acción.
- e. O respecto ao pluralismo.

- f. A gratuidade do servizo que presta, excluíndose a procura ou o aproveitamento dun beneficio material.
- g. A colaboración e a complementariedade entre as entidades de acción voluntarias e as administracións públicas.
- h. O respecto á dignidade, honra, intimidade, ideas e crenzas de cantas persoas participaren na acción voluntaria ou a recibiren como destinatarias.
- i. En xeral, todos aqueles, inspiradores dunha sociedade libre e democrática.

#### **Artigo 5. Fins da acción voluntaria**

A acción voluntaria perseguirá os seguintes fins:

- a. Contribuír á igualdade e á eliminación de calquera tipo de discriminación, violencia, exclusión ou marxinación que a obstaculicen, facilitando a aplicación efectiva de políticas transversais que incidan na eliminación de todo tipo de discriminación selectiva e exclusión social.
- b. Impulsar os procesos comunitarios e o fortalecemento das redes sociais, promovendo a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e calquera outra iniciativa de prevención e cohesión social.
- c. Promover o respecto dos dereitos e intereses das cidadás e dos cidadáns.
- d. Fomentar os valores que contribúan á construción dunha sociedade máis solidaria, xusta, participativa e plural.

#### **Artigo 6. Actividades de interese xeral**

Aos efectos da presente lei, considéranse actividades de interese xeral as de acción social e servizos sociais, socio-sanitarias, de defensa dos dereitos humanos, e da infancia, e da efectividade dos dereitos en condicións de igualdade das mulleres, educativas, de cooperación ao desenvolvemento, culturais, de defensa do patrimonio histórico e artístico, científicas, de protección civil, de protección dos consumidores/-as e dos usuarios/-as, deportivas, de lecer e tempo libre, de defensa ecolóxica e protección do medio ambiente, de defensa dos dereitos lingüísticos, de dinamización do medio rural, de defensa da economía ou da investigación, de desenvolvemento da vida asociativa, de fomento da acción voluntaria

e calquera outras de análoga natureza que, axustándose ao disposto na presente lei, puideren contribuír á consecución dos fins incluídos no artigo anterior.

### **Artigo 7. Tipos de actividades**

A acción voluntaria poderá levarse a cabo mediante as seguintes actividades:

- a. A detección, o coñecemento e a avaliación das necesidades sociais existentes ou emerxentes.
- b. A promoción e a defensa de dereitos individuais e colectivos.
- c. A divulgación e a educación sobre valores de solidariedade, respecto e cooperación.
- d. O desenvolvemento de accións de formación dirixidas ao persoal de dirección das entidades de acción voluntaria e ás persoas xestoras da acción voluntaria co fin de pór á súa disposición ferramentas axeitadas para realizar unha mellor xestión da súa actividade.
- e. O desenvolvemento de accións de sensibilización e formación destinadas ás persoas voluntarias coa finalidade de acadar o seu compromiso e a súa implicación.
- f. O fomento da iniciativa social e a articulación do tecido asociativo para ordenar e promover a participación solidaria da cidadanía.
- g. Calquera outra que, con axuste aos principios e normas establecidos na normativa reguladora, sirvan á consecución dos fins que esta considera.

## **TÍTULO II DO ESTATUTO DAS PERSOAS VOLUNTARIAS**

### **Artigo 8. Concepto de persoa voluntaria**

1. Aos efectos desta lei, terá a consideración de persoa voluntaria a persoa física que, en virtude da súa decisión persoal, libre e altruísta, e nunha situación de inexistencia de relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado de calquera tipo, participe en calquera actividade de acción voluntaria mediante unha entidade de acción voluntaria.
2. Recoñécense como persoas voluntarias, con todos os dereitos e as obrigas recollidas na presente lei, as persoas que sen estaren adscritas a entidades de acción voluntaria colaboren de xeito excepcional nunha situación de catástrofe ou calamidade integrándose en dispositivos de acción voluntaria organizados para tal efecto.
3. Os menores de idade poderán participar en programas e proxectos de acción voluntaria

especificamente adaptados ás súas características, mediante autorización expresa das súas nais e pais, tutores ou da institución que os teña ao seu cargo, con respecto en todo caso á vontade do menor.

4. A condición de persoal voluntario será compatible coa condición de membro da directiva da entidade, sempre que o cargo non sexa retribuído.

### **Artigo 9. Dereitos das persoas voluntarias**

Recoñécese o dereito das persoas voluntarias a:

- a. Ser tratadas sen ningún tipo de discriminación, respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- b. A ser informadas e formadas, particularmente en materia de prevención de riscos, e a desenvolver a actividade voluntaria nas condicións de seguranza, hixiene e saúde que a súa natureza e características reclamen.
- c. Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de voluntarios.
- d. Recibir das entidades en que se integren a información, a formación, o asesoramento e o apoio así como os medios materiais que requira o exercicio das actividades e dos cometidos que se lles asignaren.
- e. Participar activamente na entidade en que se integren, de conformidade cos seus estatutos, colaborando na planificación, no deseño, na execución e na avaliación dos programas en que participen.
- f. Acordar libremente coa entidade en que se integren o contido e as condicións da súa actividade voluntaria, o ámbito de actuación, a definición dos cometidos, o tempo e o horario de dedicación, o lugar de desenvolvemento e as responsabilidades que van asumir, podendo variar as súas características se as circunstancias da entidade o permitiren.
- g. Estar aseguradas mediante póliza que cubra os riscos de accidente da propia persoa voluntaria, así como por danos e prexuízos causados a terceiros, derivados directamente da súa acción voluntaria.
- h. Ser reembolsadas ou compensadas polos gastos realizados no desenvolvemento das súas accións voluntarias nos termos previamente acordados coa entidade en que se integren.
- l. Recibir certificacións da súa participación nos programas e nos proxectos de acción voluntaria nas que se recolla, polo menos, a súa natureza e as datas en que se realicen.
- m. Obter o cambio de programa asignado cando existiren causas que o xustifiquen, dentro das posibilidades da entidade.
- n. Renunciar libremente, tras avisar, á súa condición de persoas voluntarias.

ñ. Calquera outros recoñecidos no resto do ordenamento xurídico.

### **Artigo 10. Deberes das persoas voluntarias**

As persoas participantes da acción voluntaria están obrigadas a:

- a. Realizar a súa actividade de conformidade cos principios establecidos na Lei.
- b. Observar as medidas de saúde e seguranza que se adoptaren.
- c. Gardar a debida confidencialidade sobre a información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade voluntaria.
- d. Actuar de forma dilixente, coordinada, responsable e solidaria no desenvolvemento da súa actividade e colaborar coa entidade en que participe e co resto de persoas voluntarias na consecución da maior eficacia e calidade nos programas e obxectivos que se leven a cabo.
- e. Participar nas actividades formativas que se establezan para un desenvolvemento adecuado da actividade.
- f. Respetar os dereitos das persoas destinatarias da súa acción voluntaria e das demais persoas voluntarias coas que colaboren.
- g. Cumprir os compromisos adquiridos coa entidade en que se integren, respectando os fins, os obxectivos e a normativa interna.
- h. Rexeitar calquera contraprestación que puideren recibir pola súa actividade.
- i. Utilizar debidamente a acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria e os distintivos da entidade en que se integren, así como proceder á súa devolución cando finalicen a actividade.
- l. Coidar e facer bo uso dos recursos materiais que poña á súa disposición a entidade.
- m. Notificar á entidade a súa renuncia coa antelación previamente acordada, para que poidan adoptarse as medidas necesarias para evitar prexuízos para a actividade en que participen.
- n. Os demais deberes establecidos polo resto do ordenamento xurídico.

### TÍTULO III DAS ENTIDADES DE ACCIÓN VOLUNTARIA

#### **Artigo 11. Concepto de entidades de acción voluntaria**

Aos efectos desta lei, terán a consideración de entidades de acción voluntaria aquelas entidades, públicas ou privadas, sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e dotadas de personalidade xurídica propia, que desenvolvan, de xeito organizado e estable, programas ou proxectos en relación con actividades de interese xeral ou que realicen actividades de acción voluntaria.

#### **Artigo 12. Dereitos das entidades de acción voluntaria**

As entidades de acción voluntaria teñen dereito a:

- a. Elaborar as súas propias normas de funcionamento interno.
- b. Seleccionar as persoas voluntarias de acordo coa natureza e coas características da tarefa a desenvolver e de acordo coas normas establecidas no seu estatuto de funcionamento interno.
- c. Suspende a colaboración das persoas voluntarias que infrinxan o seu compromiso.
- d. Concorrer á convocatoria de axudas e outras medidas de fomento da acción voluntaria efectuada polas Administracións Públicas.
- e. Calquera outro dereito recoñecido polo resto do ordenamento xurídico, referidos á acción voluntaria.

#### **Artigo 13. Obrigas das entidades de acción voluntaria**

Aos efectos do previsto na presente lei, as entidades de acción voluntaria están obrigadas a:

- a. Instar a súa inscrición no rexistro de entidades de acción voluntaria regulado no artigo 33 da presente lei.
- b. Elaborar e aprobar o seu regulamento interno de acción voluntaria no que se indicarán as condicións específicas de admisión e a perda da condición de persoa voluntaria, os dereitos e deberes destes, os mecanismos para a súa participación na entidade e os principios que rexerán as relacións entre esta e aqueles.
- c. Informar as persoas voluntarias sobre os fins e o réxime de funcionamento da entidade de acción voluntaria.
- d. Cubrir os gastos das persoas voluntarias derivados do desenvolvemento da súa actividade.

- e. Impedir que se reempracen a través das actividades que realicen as persoas voluntarias postos de traballo que deberán ser retribuídos.
- f. Cumprir os acordos establecidos coas persoas voluntarias no seu compromiso de colaboración.
- g. Facilitar ás persoas voluntarias unha acreditación que as habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.
- h. Expedir logo da solicitude da persoa interesada, un certificado que acredite a súa condición de persoa voluntaria, con indicación de datas, duración e prestación efectuada.
- g. Garantir ás persoas voluntarias a realización das súas actividades nas debidas condicións de hixiene e seguranza, en función da súa natureza e características, así como o establecemento das pertinentes medidas de prevención de riscos.
- l. Subscribir unha póliza de seguros que cubra as persoas voluntarias dos riscos de accidente derivados do desenvolvemento da actividade voluntaria, así como a terceiros polos danos e prexuízos eventualmente causados polas persoas voluntarias no exercicio da devandita actividade.
- m. Facilitar a participación das persoas voluntarias na elaboración, no deseño, na execución e na avaliación dos programas en que interveñan.
- n. Redactar anualmente unha memoria e un Plan de actividades co contido que se estableza regulamentariamente.
- ñ. Levar un libro-rexistro interno de altas, baixas e outras incidencias que afecten ás persoas voluntarias especificándose os programas e/ou proxectos en que colaboran e a natureza das actividades que desenvolven.
- o. Garantir a información, a orientación, a formación e o asesoramento adecuado das persoas voluntarias que colaboren coa entidade para conseguir a maior eficacia na súa actividade, así como dotalas dos medios precisos.
- p. Efectuar o seguimento e a avaliación das actividades programadas velando porque a actuación programada se execute nos termos previamente acordados.
- q. Cumprir as restantes obrigas que se derivaren do establecido no resto do ordenamento xurídico.

#### **Artigo 14. Incumprimento de fins e obrigas**

O incumprimento reiterado polas entidades de acción voluntaria dos seus fins e das súas obrigas ou doutras disposicións desta lei, poderá determinar:

- a. A baixa no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria.
- b. A revogación das axudas percibidas, segundo o disposto na normativa de subvencións.
- c. A resolución de calquera convenio nos termos subscritos no mesmo.
- d. O cesamento, no seu caso, da persoa representante da entidade, como membro do Consello Galego de Acción Voluntaria.

#### **Artigo 15. Financiamento das entidades de acción voluntaria**

1. As entidades de acción voluntaria poderán financiarse cos seguintes recursos:
  - a. Contribucións económicas que reciban con cargo aos orzamentos de calquera das administracións públicas.
  - b. Adquisicións a título gratuito de bens ou dereitos, susceptibles de valoración económica, ou contribucións económicas voluntarias.
  - c. Os produtos das operacións de administración, alleamento e gravame do seu patrimonio.
  - d. Calquera outro que puiden establecerse.
2. Todos os recursos relacionados constitúen o patrimonio das entidades de acción voluntaria.

### **TÍTULO IV DAS RELACIÓNS ENTRE AS PERSOAS VOLUNTARIAS E AS ENTIDADES DE ACCIÓN VOLUNTARIA**

#### **Artigo 16. Compromiso de colaboración**

1. As relacións entre as persoas voluntarias e as entidades nas que se integren deberanse formalizar por escrito, mediante o correspondente compromiso de colaboración.
2. Este compromiso terá, como mínimo, o seguinte contido:
  - a. Aceptación do carácter altruísta e non remunerado da relación e da actividade que se comprometa a realizar a persoa voluntaria.
  - b. Suxeición ao réxime legal da acción voluntaria.
  - c. Dereitos e deberes de ambas partes.

- d. Identificación da persoa responsable do programa no que a persoa voluntaria desempeñará a súa actividade.
- e. As actividades que a persoa voluntaria se compromete a realizar, o tempo de dedicación e a duración do compromiso.
- f. Os fins e os obxectivos da entidade en que se integran.
- g. O prazo de antelación co que a persoa voluntaria deberá comunicar á entidade a súa renuncia a compromiso.

3. Poderá renunciarse libremente ao compromiso de colaboración, mediante notificación á entidade coa antelación previamente acordada, para evitar prexuízos nas actividades nas que participen.

#### **Artigo 17. Acreditación identificativa**

A acreditación da condición de persoa voluntaria será expedida pola entidade de acción voluntaria e conterá, como mínimo, os datos persoais e identificativos daquel e esta, e a denominación do programa ou programas en que desenvolva a actividade voluntaria.

#### **Artigo 18. Responsabilidade extracontractual das entidades fronte a terceiros**

As entidades de acción voluntaria responderán fronte a terceiros polos danos e prexuízos causados polas persoas voluntarias que participen nos seus programas, como consecuencia da realización da actividade que a estes lles foron asignados. Para tal fin as entidades de acción voluntaria subscribirán unha póliza de seguros de acordo coas condicións establecidas na normativa que resulte de aplicación.

#### **Artigo 19. Perda da condición de persoa voluntaria**

- 1.- Toda entidade de acción voluntaria especificará nas súas normas relativas á actividade de voluntariado as causas que determinen a exclusión das persoas integradas nela como voluntarios/as e a perda desta condición.
- 2.- Serán, en todo caso, causas de perda da condición de persoa voluntaria a inobservancia das previsións contidas na presente Lei, particularmente, dos deberes contemplados no artigo 10, a actuación contraria aos principios e fins que a mesma proclama ou o incumprimento dos compromisos libremente acordados coa entidade na que se integren as persoas voluntarias, cando sexan graves ou reiterados e non xustificados.
- 3.- Os procedementos para acordar a exclusión asegurarán, en todo caso, a audiencia da persoa interesada.

### **Artigo 20. Réxime xurídico aplicable á resolución de conflitos**

Os conflitos que puideren xurdir entre as persoas voluntarias e as entidades de acción voluntaria no exercicio das actividades a que fai referencia a presente Lei serán dirimidos pola xurisdición competente de acordo co establecido na normativa vixente.

## **TÍTULO V**

### **Das persoas destinatarias da acción voluntaria**

#### **Artigo 21. Concepto de persoa destinataria da acción voluntaria**

Aos efectos desta lei terán a consideración de persoas destinatarias da acción voluntaria todas as persoas físicas e/ou os grupos ou comunidades en que se integran, para as que o desenvolvemento da acción voluntaria represente beneficio, ou supoña ou pretenda unha defensa dos seus dereitos, a mellora das súas condicións de vida ou a satisfacción das súas necesidades.

#### **Artigo 22. Dereitos das persoas destinatarias da acción voluntaria**

- As persoas destinatarias da acción voluntaria teñen os seguintes dereitos:
- a. A que se garanta a súa dignidade e intimidade tanto persoal como familiar e, en consecuencia, o necesario respecto á protección dos datos de carácter persoal na execución dos programas de acción voluntaria.
  - b. A recibir unha acción voluntaria de calidade, que se desenvolva de acordo con programas ou proxectos que garantan a calidade das actuacións.
  - c. A solicitar a substitución da persoa voluntaria asignada, cando existiren causas que así o xustificaren. Así mesmo, poderase prescindir, en calquera caso e momento, da acción voluntaria.
  - d. A colaborar na avaliación da acción voluntaria a elas dirixida.
  - e. Solicitar a intervención da entidade de acción voluntaria para a resolución das cuestións ou conflitos xurdidos coas persoas voluntarias integrantes desta.
  - f. A que os programas de acción voluntaria non supoñan, na súa execución, inxerencia ningunha sobre a liberdade ideolóxica, política, relixiosa e de culto.
  - g. A recibir información sobre os programas ou proxectos e sobre as actuacións das que sexan destinatarias, tanto con carácter previo ao seu inicio, como durante a súa execución.
  - h. Os demais dereitos recoñecidos no resto do ordenamento xurídico.

### **Artigo 23. Deberes das persoas destinatarias da acción voluntaria**

Cando a acción voluntaria se dirixira a unha persoa destinataria individualizada, esta ao aceptala, asumirá os seguintes deberes:

- a. Colaborar coas persoas voluntarias, respectar e facilitar o seu labor, na medida en que sexa posible, na execución dos programas dos que se beneficia.
- b. Non ofrecer ás persoas voluntarias ou entidades contraprestación pola acción voluntaria levada a cabo.
- c. Caso de prescindir dos servizos dun determinado programa de acción voluntaria, notificalo coa antelación suficiente para evitar prexuízos a este.
- d. Non esixir á persoa voluntaria actuacións que non correspondan á natureza da acción voluntaria e observar as instrucións que se estableceren para o adecuado desenvolvemento da acción voluntaria.
- e. Os demais deberes que se derivaren da normativa aplicable

## **TÍTULO VI**

### **Das competencias das Administracións Públicas e coordinación interadministrativa**

### **Artigo 24. Competencias das administracións públicas de Galicia**

Corresponde ás administracións públicas de Galicia con competencias en materia de acción voluntaria, no seu respectivo ámbito e en relación coas materias reguladas na presente lei:

- a. Fomentar e promover a participación social da cidadanía no desenvolvemento da acción voluntaria, a través de entidades de acción voluntaria debidamente rexistradas ou, no seu caso, no marco da acción programada aos fins desta lei polas administracións públicas de Galicia.
- b. Sensibilizar a sociedade respecto dos valores de acción voluntaria.
- c. Impulsar e favorecer as actividades de acción voluntaria, dispoñendo as medidas necesarias para o seu fomento e apoio.
- d. Velar polo cumprimento da presente lei e as súas normas de desenvolvemento.

- e. Determinar a formación básica das persoas voluntarias que teñan que desenvolver actuacións en programas ou proxectos, impulsando, desde a colaboración interadministrativa e coas entidades de acción voluntaria, as accións formativas, de carácter non profesional, necesarias para asegurar unha acción voluntaria eficaz e de calidade.
- f. Realizar o seguimento e a avaliación específicos dos programas e proxectos de acción voluntaria desenvolvidos polas entidades inscritas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia.
- g. Comprobar o cumprimento das obrigas das entidades de acción voluntaria inscritas.
- h. Informar e asesorar tecnicamente ás entidades de acción voluntaria.

### **Artigo 25. Competencias da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia**

1. Corresponden á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia as seguintes competencias en relación coas materias reguladas na presente lei:
  - a. Ordenar e promover as políticas públicas en materia de acción voluntaria.
  - b. Elaborar o Plan Galego de Acción Voluntaria.
  - c. Establecer os criterios para o seguimento e a inspección das entidades de acción voluntaria.
  - d. Xestionar o Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia, asegurando a súa unidade.
  - e. Fomentar a coordinación e a acción conxunta das administracións públicas de Galicia e as distintas entidades, públicas ou privadas.
  - f. Crear un fondo documental e unha base de datos que integrará o contido dos diferentes programas de acción voluntaria.
  - g. Realizar estudos, investigacións, así como elaborar estatísticas en materia de acción voluntaria.
  - h. Promocionar a formación e a información necesarias para as entidades de acción voluntaria poderen desenvolver a súa actividade.
  - i. Impulsar a cooperación con organismos de ámbito estatal ou internacional.
  - l. Promover accións en que participen persoas voluntarias a través do órgano competente en materia de acción voluntaria no caso de se producir situación excepcional de catástrofe ou calamidades ou situacións de necesidade.
  - m. As demais que lle foren atribuídas pola normativa vixente.

2. Sen prexuízo das actuacións que puideran corresponder a outros Departamentos en relación co ámbito ou sector no que se desenvolva a súa actividade e, en particular, das competencias que en materia de avaliación do desempeño corresponden ao Departamento competente en materia de calidade, corresponderá ao Departamento da administración autonómica que teña atribuídas as funcións en materia de acción voluntaria o desenvolvemento das competencias previstas no apartado anterior, así como o seguimento, supervisión e a avaliación xeral das actividades e actuacións que se leven a cabo en relación coas materias reguladas na presente lei. A estes efectos, o Departamento da administración autonómica que teña atribuídas as funcións en materia de acción voluntaria comunicará, coa periodicidade que se determine, a información necesaria ás distintas entidades locais competentes e aos centros directivos ou organismos xestores da administración autonómica que impulsen ou desenvolvan programas de acción voluntaria en relación coas diferentes actividades incluídas na presente lei e elaborará a memoria integrada de execución e avaliación da planificación da acción voluntaria. As competencias previstas no apartado primeiro poderán ser obxecto de delegación e transferencia de conformidade co previsto na normativa vixente.

#### **Artigo 26. Competencias das entidades locais**

Corresponden ás entidades locais as seguintes competencias en relación coas materias reguladas na presente lei:

- a. Promover a acción voluntaria nos seus respectivos termos municipais, así como fomentar a participación da cidadanía.
- b. Colaborar coa Xunta de Galicia nas actividades de acción voluntaria que se leven a cabo en situación de catástrofe ou calamidade ou situacións de necesidade no seu eido territorial.
- c. Artellar os mecanismos de participación das entidades de acción voluntaria na vida local.
- d. Ofertar a información necesaria a aquelas persoas interesadas nas actividades de acción voluntaria, divulgando e dando publicidade das actividades e necesidades das entidades de acción voluntaria.
- e. Fomentar a coordinación entre as diversas entidades de acción voluntaria, así como co resto de administracións que concorran no territorio.
- f. Promover a creación de oficinas municipais de acción voluntaria.
- g. Establecer os criterios de distribución dos recursos propios, así como conceder axudas e subvencións para o desenvolvemento da acción voluntaria.

- h. Informar a Xunta de Galicia das accións realizadas ou que se vaian realizar no seu ámbito para garantir a colaboración e a coordinación entre as Administracións.
- i. Calquera outra función que se lles poida encomendar a Xunta de Galicia.

#### **Artigo 27. Consello Interdepartamental da Acción Voluntaria**

1. Créase o Consello Interdepartamental da Acción Voluntaria para coordinar as actuacións que, en materia de acción voluntaria, efectúen os distintos órganos da administración autonómica.
2. O Consello Interdepartamental da Acción Voluntaria estará adscrito ao departamento competente en materia de acción voluntaria e será presidido pola persoa titular deste ou pola persoa en que esta delegue.
3. Regulamentariamente, establecerase a composición e as normas de organización e réxime interno deste consello. En todo caso, deberá garantirse a representatividade de todos os departamentos da Administración Autonómica que teñan competencias atribuídas na materia, e a representación do organismo competente en materia de igualdade. Procurarase neste órgano unha composición de xénero equilibrada segundo o previsto na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

### **TÍTULO VII**

#### **Dos instrumentos de planificación e ordenación da acción voluntaria**

#### **Artigo 28. Planificación**

- As actividades de acción voluntaria planificaranse mediante tres tipos de instrumentos:
- a. O Plan Galego de Acción Voluntaria como plan estratéxico.
  - b. Os plans sectoriais elaborados a instancias da Comunidade Autónoma ou das entidades locais.
  - c. Os programas ou proxectos elaborados polas entidades de acción voluntaria.

#### **Artigo 29. Plan Galego de Acción Voluntaria**

1. A planificación estratéxica da Comunidade autónoma realizarase a través do Plan Galego de Acción Voluntaria, que deberá ser aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.
2. Esta planificación estratéxica terá unha periodicidade de catro anos.
3. O Plan abordará, en todo caso, a regulamentación das seguintes áreas de intervención:

- a. Inclusión Social.
  - b. Autonomía persoal.
  - c. Infancia.
  - d. Cooperación ambiental e cívica.
4. Son obxectivos do plan:
- a. A mellora da calidade e cantidade de participación cidadá, en especial a de colectivos con maiores dificultades sociais.
  - b. O fortalecemento das entidades de acción voluntaria.
  - c. O reforzo da coordinación a nivel local, comarcal e sectorial.
  - d. A elaboración de novos elementos normativos.
  - e. A creación dunha estrutura global de información, formación e sensibilización de acción voluntaria.
  - f. A elaboración dun programa de formación.
  - g. O desenvolvemento da acción voluntaria dun xeito transversal, mediante a implicación de distintos departamentos da Administración Autónoma.

### **Artigo 30. Planificación sectorial**

A planificación sectorial estará constituída polos plans que, no marco e en desenvolvemento da planificación estratéxica, poidan aprobar os distintos departamentos da Administración autónoma ou as entidades locais competentes nesta materia.

### **Artigo 31. Programas e proxectos de acción voluntaria**

1. Enténdese por programa de acción voluntaria o instrumento a través do cal se desenvolve e concreta a planificación estratéxica e sectorial. Enténdese por proxecto de acción voluntaria o instrumento de execución.
2. Cada programa ou proxecto de acción voluntaria deberá ter un contido mínimo que expresará a súa denominación, a identificación da persoa responsable, o sector de actividade de interese xeral a que se refira, a análise da realidade social, os fins e os obxectivos que propoña, o ámbito territorial que abrangue, a duración prevista para a súa execución, a descrición das actividades que comprenda, o número de persoas voluntarias considerado e a cualificación ou formación que se entenda esixible para elas segundo os cometidos. Tamén conterá os medios e os recursos precisos para o levar a cabo, as fontes de financiamento, os criterios de avaliación dos seus obxectivos e os mecanismos de control, seguimento e avaliación.

### **Artigo 32. Póliza de seguro**

A Xunta de Galicia subscribirá unha póliza de seguro que cubrirá os riscos derivados da acción das persoas voluntarias, tanto a responsabilidade civil derivada das actuacións como os accidentes sufridos polas mesmas voluntarias e voluntarios cando participen nas actividades organizadas pola administración.

### **Artigo 33. Rexistro de entidades de acción voluntaria de Galicia**

1. O rexistro configúrase como un órgano único e público, que asume as funcións de cualificación, inscrición e certificación e estará adscrito ao departamento da Xunta de Galicia ao que veñan atribuídas as competencias en materia de acción voluntaria. Dito Rexistro deberá funcionar de xeito coordinado co rexistro de entidades de voluntariado de protección civil e emerxencias previsto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
2. A inscrición no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia, que deberá ser instada pola entidade mediante solicitude, será obrigatoria para que estas entidades podan ser oficialmente recoñecidas, para poderen recibir subvencións e axudas das administracións públicas de Galicia e para poderen subscribir convenios con estas.
3. Para a inscrición no rexistro, as entidades deberán presentar a correspondente solicitude e a documentación que regulamentariamente se estableza.
4. A cancelación da inscrición rexistral procede nos supostos seguintes:
  - a. Cando a entidade o solicite expresamente.
  - c. Cando se extinga a súa personalidade xurídica.
  - d. Cando se incumpran os seus fins no ámbito da acción voluntaria ou das obrigas establecidas.
  - e. Cando se produza a inactividade da entidade durante un período de tres anos, debidamente probada. Para tal efecto, poderase esixir ás entidades que actualicen anualmente os datos que figuren no Rexistro.
  - f. Cando na inscrición consten datos ou documentos constitutivos de falsidade, declarada por sentenza xudicial firme.
5. A Administración autonómica, a través do órgano competente en materia de acción voluntaria, xestionará, publicará e actualizará un catálogo, de carácter público, de entidades inscritas no Rexistro de entidades de acción voluntaria de Galicia, en que se especificarán as actividades que se realizan e o territorio a que se circunscriben.

## **TÍTULO VIII**

### **CAPÍTULO I**

#### **DA PARTICIPACIÓN**

##### **Artigo 34. Participación das entidades e das persoas voluntarias**

1. As administracións públicas de Galicia facilitarán a participación de entidades de acción voluntaria, a través dos órganos e das canles previstas para este efecto, na planificación, na xestión e no seguimento da acción voluntaria incluída no ámbito da presente lei.
2. Igualmente facilitarase a participación das referidas entidades e das persoas voluntarias en relación coas actividades de estudo, análise, asesoramento e proposta para a promoción, impulso, coordinación e avaliación das actividades de acción voluntaria.

### **CAPÍTULO II**

#### **DOS ÓRGANOS DE CONSULTA E PARTICIPACIÓN**

##### **Artigo 35. O Consello Galego de Acción Voluntaria**

1. Créase o Consello Galego de Acción Voluntaria, que será o órgano de participación, asesoramento, consulta e seguimento en materia de acción voluntaria. Estará adscrito ao departamento da Xunta de Galicia ao que veñan atribuídas as competencias en materia de acción voluntaria.
2. Corresponderán ao Consello Galego de Acción Voluntaria as seguintes funcións:
  - a. Fomentar o desenvolvemento da acción voluntaria en todos os seus ámbitos, accións de sensibilización, formación, investigación e coordinación.
  - b. Servir de punto de encontro entre as administracións públicas e as entidades de acción voluntaria.
  - c. Velar polo respecto da liberdade e da independencia das entidades e das persoas que desenvolvan actividades de acción voluntaria.
  - d. Emitir, previa e preceptivamente, informe non vinculante sobre os anteproxectos de disposicións normativas de carácter xeral que afecten directamente á acción voluntaria.
  - e. Asesorar e informar sobre os principios, os criterios, os obxectivos e as prioridades da planificación.
  - f. Remitir ás administracións públicas propostas e iniciativas sobre as cuestións referentes a acción voluntaria e recabar das mesmas información sobre a materia.

- g. Elaborar informes periódicos sobre o estado e a actividade de acción voluntaria.
- h. Velar pola calidade das prestacións e das actividades que a acción voluntaria leva a cabo.
- Avaliar os plans de formación presentados pola Escola Galega de Acción voluntaria.
- l. Propoñer, ao órgano competente o recoñecemento público das entidades que se distinguen polos seus méritos no ámbito da acción voluntaria.
- m. Coordinarse con órganos similares de ámbito internacional, estatal ou autonómico para a consecución de obxectivos comúns na acción voluntaria.
- n. Calquera outra que lle puiden ser encomendada regulamentariamente.

3. O Consello Galego de Acción Voluntaria estará formado polos cargos seguintes:

- a. Presidencia: a persoa titular do departamento da Xunta de Galicia competente en materia de acción voluntaria ou persoa en quen delegue.
- b. Vicepresidenta/e primeiro: o titular da Dirección Xeral con competencias en materia de acción voluntaria.
- c. Vicepresidenta/e segundo: terá carácter rotatorio entre os representantes das entidades de acción voluntaria inscritas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia, na forma que se determine regulamentariamente.
- d. Secretario ou secretaria: a persoa designada pola presidencia de entre os membros do Consello, que actuará con voz e voto.
- e. Un vogal por cada departamento da Xunta de Galicia, con rango de director/a xeral, con competencias nas seguintes áreas: servizos sociais, medio ambiente, presidencia, saúde, medio rural, educación, cultura, traballo, pesca e igualdade.
- f. Catro vogais en representación das corporacións locais designados pola Federación galega de municipios e provincias.
- g. Un vogal do Consello da Xuventude de Galicia
- h. Tres vogais en representación dos empresarios, designados pola Confederación de empresarios de Galicia.
- i. Tres vogais en representación dos sindicatos máis representativos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- l. Un vogal en representación de cada unha das universidades galegas.
- m. Oito vogais en representación das entidades de acción voluntaria.

4. O Consello poderá requirir a presenza de persoas expertas na materia de que se trate.
5. Dentro do Consello poderanse crear comisións para o estudo e o seguimento de materias concretas.
6. Regulamentariamente establecerase a organización e funcionamento do Consello e a composición, organización e funcionamento das súas comisións. Procurarase neste Consello unha composición de xénero segundo o previsto na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

### **Artigo 36.- Observatorio Galego de Acción Voluntaria**

1. Créase o Observatorio Galego da Acción Voluntaria como un órgano administrativo que terá como obxectivo o desenvolvemento de actuacións encamiñadas á investigación, á formación así como á creación e ao establecemento de sistemas de información e documentación. Dependerá do departamento da Xunta de Galicia que teña atribuídas as competencias en materia de acción voluntaria. Da súa actividade dará conta ao Consello Galego de Acción Voluntaria o cal aprobará a súa planificación anual así coma as súas liñas estratéxicas.
2. O Observatorio poderá asesorar tecnicamente ás corporacións locais na realización de plans sectoriais de acción voluntaria.
3. Así mesmo, poderá colaborar coas universidades en proxectos de I+D+I e con figuras análogas doutras administracións públicas.
4. O Observatorio da Acción Voluntaria, que integrará nos seus traballos a perspectiva de xénero, terá entre as súas funcións as de:
  - a. Investigar o estado e as tendencias de acción voluntaria na Comunidade Autónoma.
  - b. Elaborar informes e estudos e recompilar información sobre aspectos da súa competencia, en particular, deseñar a guía de boas prácticas da acción voluntaria.
  - c. Propoñer as liñas estratéxicas do Plan galego de acción voluntaria e efectuar o seu seguimento.
  - d. Elaborar informes sobre o impacto da acción voluntaria nos diferentes sectores económicos de Galicia e estudar periodicamente o dito impacto no mercado de traballo tendo en conta variábeis sociais, económicas, de idade e de xénero.
  - e. Recompilación da información que, de xeito directo ou indirecto, poida recoller a realidade da acción voluntaria en Galicia, e ao tempo, xerar un sistema de indicadores polos que se poida coñecer e medir a participación social a través da acción voluntaria. Así mesmo, levarase un control do número de persoas voluntarias na Comunidade Autónoma galega.

- f. Realizar procesos de seguimento e avaliación das políticas públicas na materia, formulando propostas con base nos estudos e nas avaliacións realizadas, que favorezan a toma de decisións.
- g. Publicar e difundir os diferentes estudos e investigacións realizados.
- h. Elaborar un informe anual sobre as actividades de acción voluntaria en Galicia que remitirá ao departamento da Xunta de Galicia competente en materia de acción voluntaria. Dito informe estará a disposición doutras administracións e da cidadanía en xeral.
- i. Calquera outra que lle puiden ser atribuída regulamentariamente.

5. A súa constitución e estrutura establecerase regulamentariamente.

#### **Artigo 37.- Foro da acción voluntaria**

1. O Observatorio Galego de Acción Voluntaria contará cun foro de comunicación que se encargará da promoción das iniciativas de acción voluntaria levadas a cabo tanto por entidades locais como por entidades privadas co obxectivo de aglutinar os movementos sociais, os medios de comunicación, as administracións públicas e as entidades de acción voluntaria.
2. O foro estable da acción voluntaria será o lugar en que as entidades de acción voluntaria, as persoas participantes nos programas e as propias persoas beneficiarias das accións voluntarias poñerán en común e intercambiarán as experiencias obtidas no desenvolvemento das diversas actuacións.
3. O foro estable da acción voluntaria facilitará a toda persoa interesada aquela documentación especializada que sexa necesaria para o correcto desenvolvemento das diferentes actividades voluntarias.

#### **Artigo 38.- Rede galega**

1. As Administracións Públicas competentes impulsarán o funcionamento en rede das entidades do sector, creando mecanismos que permitan compartir información e recursos e potenciando o uso das novas tecnoloxías de información e de comunicación nas organizacións de acción voluntaria.
2. O departamento da Xunta de Galicia competente en materia de acción voluntaria potenciará a creación de:
  - a. Redes locais ou comarcais que fomenten o intercambio de necesidades, experiencias e boas prácticas que melloren as capacidades das entidades de acción voluntaria e das persoas voluntarias e fortalezan o sector.

b. A construción de espazos operativos de coordinación e traballo en rede, en que se poña en contacto a entidades de acción voluntaria, primando que sexan plataformas de entidades da mesma área de traballo.

3. Regulamentariamente desenvolverase o funcionamento e actuación da rede galega.

## **TÍTULO IX DA FORMACIÓN**

### **Artigo 39.- As persoas xestoras da acción voluntaria**

As persoas xestoras da acción voluntaria son aquelas e aqueles técnicos que teñen por obxecto coordinar a acción voluntaria e orientar, de xeito individual ou en grupo, á persoa voluntaria sobre o proxecto en que participa, de acordo co seu perfil, coa súa dispoñibilidade e coas súas preferencias, tendo ademais en conta as necesidades da entidade e da sociedade en cada momento.

### **Artigo 40.- Escola Galega de Acción voluntaria**

1. A Escola Galega de Acción Voluntaria é un órgano administrativo que terá como obxecto promover a formación, encontro, reflexión e estudo nas materias obxecto da presente lei. Dependerá do departamento da Xunta de Galicia que teña atribuídas as competencias en materia de acción voluntaria. Da súa actividade deberá dar conta o Consello Galego de Voluntariado.

2. As actividades desenvolvidas pola Escola Galega de Acción Voluntaria poderán ser de:

- a. Información.
- b. Formación dividida en tres niveis: iniciais, básicos e de afondamento, sen prexuízo das competencias que, no ámbito da formación das persoas voluntarias de protección civil, correspondan á Academia Galega de Seguridade Pública ao abeiro do previsto na Lei 1/2007, do 15 de xaneiro.
- c. Asesoramento.
- d. Coordinación.
- e. Impulsar o uso da lingua galega nas actividades formativas que se desenvolvan na Escola ou polas entidades de acción voluntaria.

3. Estas actividades dirixiranse a todas aquelas persoas que queiran iniciar un labor voluntario de modo responsable e desinteresado na mellora social do seu contorno, e a persoas voluntarias que xa estean a participar nalgún proxecto de acción voluntaria público ou privado, así como a aquelas entidades inscritas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria.

#### **Artigo 41.- Obxectivos**

Os obxectivos da Escola Galega de Acción Voluntaria serán:

- a. Ofrecer un plan de formación integral ás persoas que queiran realizar tarefas de acción voluntaria.
- b. Diseñar e desenvolver un catálogo de formación e recursos formativos para favorecer a colaboración e o traballo nas organizacións a favor das persoas con diversidade funcional, dirixido este ás persoas voluntarias e ás persoas xestoras da acción voluntaria.
- c. Formación das persoas xestoras da acción voluntaria como responsables e coordinadores/as da acción voluntaria, para explicar técnicas de captación, xestión e permanencia das persoas voluntarias.
- d. Implicar a sociedade na acción social de calidade, espertando a conciencia solidaria.
- e. Formar as persoas responsables das entidades en metodoloxía de xestión da acción voluntaria e planificación económica.
- f. Realizar asesoramento e fomentar a formación das persoas responsables das entidades en temas como a captación de fondos, as novas tecnoloxías e a xestión de entidades.
- g. Adquirir e transmitir unha cultura de organización ás persoas voluntarias.

### **TÍTULO X DO FOMENTO E DO FINANCIAMENTO DA ACCIÓN VOLUNTARIA**

#### **Artigo 42.- Accións de fomento da acción voluntaria**

1. As Administracións Públicas de Galicia, por si propias ou en colaboración coas demais entidades de acción voluntaria, poderán desenvolver as seguintes accións:
  - a. Potenciar os programas ou de acción voluntaria que supoñan accións integrais, ou que favorezan a colaboración entre entidades.
  - b. Dispor dos mecanismos necesarios para garantir a debida coordinación de todos os programas de acción voluntaria.

- c. Simplificar e axilizar os procedementos administrativos que afecten á acción voluntaria.
- d. Favorecer o movemento asociativo no ámbito da acción voluntaria, contribuíndo ao seu pluralismo, e facilitando a participación, a interlocución e a posta en común de recursos e medios entre as organizacións que contan con persoas voluntarias.
- e. Apoiar a participación ou a integración das entidades de acción voluntaria en programas de ámbito superior ao autonómico.
- f. Promover as actividades de estudo, investigación e publicacións en materia de acción voluntaria.
- g. Incentivar o uso das novas tecnoloxías da información.
- h. Primar aqueles proxectos que xeren un maior volume de emprego de calidade, tendo en conta o seu interese social e a súa dimensión.
- i. A implantación de medidas non remuneradas de tipo honorífico para recoñecer publicamente o traballo das persoas voluntarias.
- l. As Administracións públicas galegas promoverán a acción voluntaria mediante campañas de difusión e promoción, actuacións de información, campañas de divulgación e recoñecemento das actividades de acción voluntaria e promoverán a celebración do Día Internacional do Voluntariado.

2. A Xunta de Galicia, poderá conceder, de xeito anual, un premio á persoa física ou xurídica que destacase pola súa dedicación á acción voluntaria, polo seu exemplo social na súa actividade voluntaria ou ben pola especial relevancia que alcanzasen as súas actuacións voluntarias.

3. A Xunta de Galicia, no marco das súas disponibilidades orzamentarias, poderá habilitar un programa orzamentario específico para o financiamento da promoción, da formación e do apoio da acción voluntaria en Galicia, que será xestionado polo departamento competente na materia, sen prexuízo dos créditos para axudas e subvencións de programas de acción voluntaria nas diferentes áreas que puideren incluírse nos respectivos orzamentos dos demais departamentos.

#### **Artigo 43.- Divulgación e promoción da acción voluntaria**

1. As administracións públicas de Galicia con competencias en materia de acción voluntaria impulsarán e desenvolverán, no seu respectivo ámbito, as accións necesarias para difundir os valores de solidariedade e altruísmo que inspiran a acción voluntaria, para sensibilizar a sociedade sobre a importancia e o interese social das actividades organizadas que constitúen a súa expresión e para promover a participación nestas das cidadás e dos cidadáns.
2. As entidades de acción voluntaria poderán igualmente desenvolver campañas de divulgación e promoción aos fins referidos no apartado anterior.

#### **Artigo 44.- Accións de información, formación e asesoramento.**

Co fin de fomentar e facilitar a acción voluntaria, as administracións públicas galegas promoverán, no ámbito das súas competencias e de acordo coas súas posibilidades orzamentarias, entre outras actuacións, as seguintes:

- a. Porán a disposición do conxunto da sociedade galega e das entidades, e facilitarán ás persoas interesadas, directamente ou a través das entidades de acción voluntaria, a información xeral e específica que lles permita comprometer libre e responsablemente a súa participación na acción voluntaria.
- b. Determinarán a formación básica que estas entidades teñen que proporcionar, xunto á complementaria que estas entenden necesaria, a quen se integren nelas como persoas voluntarias.
- c. Facilitarán a estas o asesoramento e a asistencia técnica que precisaren para o desenvolvemento das súas actividades.

#### **Artigo 45.- Incentivos e apoios a entidades e a persoas voluntarias**

1. As administracións públicas de Galicia promoverán as accións oportunas para que as entidades de acción voluntaria poidan obter os beneficios fiscais que permita a lexislación vixente.
2. As persoas voluntarias poderán gozar, nos termos e co alcance que no seu caso dispoñan as distintas administracións no ámbito das súas respectivas competencias, das bonificacións, preferencias, incentivos ou reducións de prezo no uso dos servizos ou recursos dependentes delas que poidan establecer co exclusivo obxecto de facilitarlles o desenvolvemento da actividade voluntaria, así como favorecer a utilización das infraestruturas precisas para o desenvolvemento das súas actividades.

#### **Artigo 46. Financiamento da acción voluntaria**

1. As administracións públicas de Galicia poderán financiar programas ou proxectos de acción voluntaria directamente con cargo aos seus propios orzamentos naquelas condicións que se determinen regulamentariamente.
2. As administracións públicas de Galicia poderán conceder subvencións, de acordo coa normativa aplicable na materia, ás entidades que desenvolvan programas de acción voluntaria, sempre que se cumplan as condicións seguintes:
  - a. Que a entidade que desenvolva o programa figure inscrita no Rexistro ao que fai referencia o artigo 33.
  - b. Que o programa de acción voluntaria se adecúe ás previsións da planificación establecida e especificamente ao contido sinalado no artigo 33 da presente lei.
  - c. Que a entidade se someta ao control e seguimento que estableza a administración competente.

### **TÍTULO XI DA ACCIÓN VOLUNTARIA EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIAS**

#### **Artigo 47.- Protocolo de emerxencias**

De conformidade co previsto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, adoptarase un protocolo de actuación para a xestión de emerxencias co fin de establecer, de xeito pormenorizado, os posibles ámbitos de actuación neste tipo de situacións das persoas participantes da acción voluntaria así como a necesaria coordinación destas iniciativas entre a Xunta de Galicia, as entidades locais, as entidades de acción voluntaria e as restantes entidades colaboradoras.

#### **Disposición adicional primeira**

O réxime da acción voluntaria dos bancos municipais de tempo e das redes comunitarias de apoio á conciliación, regulados no título VI da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, rexerese pola devandita Lei e poderá ser obxecto dos beneficios e medidas establecidas na presente Lei.

As adaptacións que, no seu caso, fosen necesarias, fixaranse regulamentariamente, previo informe dos Departamentos da administración autonómica con competencias en materia de igualdade e de traballo.

### **Disposición adicional segunda**

Sen prexuízo do disposto na presente lei, as persoas voluntarias de protección civil e as agrupacións de voluntarios de protección civil axustarán o seu funcionamento e características ao disposto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, particularmente no que se refire á formación, acreditación do persoal voluntario e ás obrigas de rexistro das entidades de acción voluntaria.

### **Disposición transitoria única**

As entidades que á entrada en vigor desta lei dispoñan de persoal voluntario deberán axustarse ao réxime previsto na mesma no prazo dun ano.

### **Disposición derogatoria única**

Queda derogada a Lei 3/2000, de 22 de decembro, de voluntariado de Galicia, parcialmente modificada pola Lei 3/2002, de 29 de abril, e cantas normas de igual ou inferior rango se opuxeren ao disposto na presente lei.

### **Disposición final primeira.**

A constitución e posterior posta en funcionamento da Escola Galega de Acción voluntaria e do Observatorio Galego de Acción Voluntaria, non xerarán aumento das dotacións orzamentarias do departamento competente na materia e serán atendidas cos medios persoais e materiais de que se dispoña.

### **Disposición final segunda.**

Facúltase á Xunta de Galicia para aprobar as disposicións necesarias en desenvolvemento da presente lei.

### **Disposición final terceira.**

A presente lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».



maría, xosé, rocío, laura,  
victoria, teresa, encarna,  
pedro, oscar, mario, migu  
pablo, eva, nacho, roque  
ana, merce, antonio, beg  
camilo, chus, iria, david,  
diana, elias, xermán, dieg  
gerardo, isabel, laura, lou  
sandra, enrique, edelia...

, tomás, pilar, manuel,  
, carmen, helena, xurxo,  
uel, javier, martín, irene,  
e, xan, alberto, fernando,  
joña, belén, alba, carlos,  
xema, raquel, susi, fran,  
go, elsa, ernesto, lorena,  
urdes, adolfo, luz,

# LEI GALEGA DE **ACCIÓN VOLUNTARIA**

## UNHA NOVA VISIÓN DO **VOLUNTARIADO** EN GALIZA



**XUNTA DE GALICIA**  
VICEPRESIDENCIA DA  
IGUALDADE E DO BENESTAR  
Secretaría Xeral do Benestar  
Dirección Xeral de Xuventude e  
Solidariedade



2020-2024  
PLAN GALEGO DO  
VOLUNTARIADO